

DEBES SABER QUE...

A PRESIÓN GRUPAL PODE SER MOI FORTE
(E NOCIVA ÁS VECES)



PODE SER QUE NON TEÑAS UN PROBLEMA,
SENÓN QUE ESTEAS NO LUGAR
EQUIVOCADO.



DEBES PRESTAR ATENCIÓN Á TÚA
AUTOESTIMA



O CHULO DE SABER USAR A TECNOLOXÍA
É QUE PODES TER TODA A INFORMACIÓN
DO MUNDO NAS TÚAS
MANS.



AO MELLOR NON FAS O QUE FAS PORQUE
QUERES, SENÓN PORQUE ESTÁS INFLUENCIADO



NON TES QUE DEIXAR DE SER QUEN
ES PARA ENCAIXAR NALGÚN GRUPO



SEMPRE NOS DEIXAMOS INFLUÍR MÁIS
POLA XENTE QUE É COMA NÓS



CANDO TES TEMPO LIBRE É IMPORTANTE
DEDICALO A UN OCIO PRODUCTIVO



Servicio Municipal de Prevención de Drogodependencias e Outras Adiccións · Tlf: 982 297 498 · www.lugomaxti.org

SEGURO QUE XA CHE FALARON DO FLIPE DAS DROGAS



...PEEERO

Concello de Lugo
Área de Cohesión Social,
Concellería de Muller,
Igualdade e Xuventude

LEMBRA QUE AS DROGAS EN NUMEROSAS OCASIÓNS SON UNHA MOI POTENTE INDUSTRIA, E COMO TAL COMPÓRTANSE CREANDO NECESIDADES, DEMANDA, ANUNCIOS, DISTRIBUIDORES ILEGAIS E UN PRODUTO FINAL QUE POLO REGULAR NON TEN CONTROL SANITARIO NINGÚN.



O SER HUMANO É GREGARIO, É DICIR, TEN TENDENCIA A FORMAR GRUPO. O MALO É QUE ÁS VECES A PRESIÓN DO GRUPO AO QUE NOS GUSTA PERTENCER PODE TER MOI MALA INFLUENCIA NAS NOSAS DECISIÓNS.



PENSA QUE "EN XERAL" OS TRAFICANTES EXTORSIONAN, AMEAZAN OU APROVEITAN AS NECESIDADES DE XENTE EN SITUACIÓN PRECARIA PARA OS SEUS INTERESES. O CONSUMO PODE FACER QUE XENTE QUE NON COÑECES LEVE UNHA VIDA MISERABLE NOUTRAS PARTES DO MUNDO.



O IMPORTANTE É QUE CANDO TOMAS DECISIÓNS TES QUE TER EN CONTA QUE ESTAS PODEN AFECTAR Á TÚA VIDA PARA SEMPRE. DEBES TOMALAS ESCOITANDO ESA VOZ INTERIOR QUE TODOS E TODAS TEMOS, E QUE NOS EVITA PROBLEMAS.



DEBES SABER QUE O SER HUMANO TEN MOITA FACILIDADE PARA O AUTOENGANO. CO TEMA DAS DROGAS "POR EXEMPLO" ASÚMENSE MOI RÁPIDO CERTOS MITOS.



CANDO TES MADUREZ OU NON CHE GUSTA QUE DECIDAN POR TI, É MÁIS DOADO REXEITAR OFRECEMENTOS QUE PODEN PREXUDICARTE, E QUE ÁS VECES ACCEDES A FACELO SÓ POR ENCAIXAR NUN GRUPO.

